DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERROS

ASUNTO: corrección de erros do decreto da Presidencia 304/2021 do 01.02.2021
EXPEDIENTE: 2021/X999/000094
DECRETO: 2021/G003/000331

Advertido erro material no texto do decreto da Presidencia 304/2021 do 01.02.2021, o que se atribúen de xeito provisional as funcións de Sarxento-Xefe de quenda do SPEIS 01 Carballo, a favor de don José María López Rivas e segundo o regulado no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procede a corrección como segue:

ONDE DI:

"*Logo de ver a comunicación recibida por parte de dona María Jesús Vilariño Díaz, motivando a ausencia no seu posto de traballo, e unha vez feito o chamamento correspondente aos integrantes da bolsa de emprego secundaria, procede a asignación provisional das funcións de sarxento-xefe de parque do SPEIS 01 Carballo, a favor de don José María López Rivas ata a súa reincorporación."*

DEBE DICIR:

"Logo de ver a comunicación recibida por parte de dona María Jesús Vilariño Díaz, motivando a ausencia no seu posto de traballo, e unha vez feito o chamamento correspondente aos integrantes da bolsa de emprego secundaria, procede a asignación provisional das funcións de sarxento-xefe de parque do SPEIS 01 Carballo, a favor de don José María López Rivas ata a súa reincorporación e con data de inicio o 02.12.2021".

Por todo o anterior e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, o texto resultante do decreto é o seguinte:

"Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe proposta da Xerencia deste Consorcio do 01.12.2021 co seguinte teor literal:

<<(...) Emítese o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 16º dos Estatutos reguladores do Consorcio.

INFORME:

Por Decreto da Presidencia número 89/2021, do 09.04.2021, aprobáronse as bases e a convocatoria que rexerán o procedemento de selección para a constitución dunha bolsa de emprego secundaria para a cobertura temporal de postos de sarxento no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante concurso de méritos, entre persoal coa categoría de cabo-xefe de quenda.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, mediante Decreto da Presidencia número 125/2021 do 20.05.2021, aprobouse a relación provisional de admitidos e excluídos que solicitaron participar dentro do prazo establecido.

Rematado o prazo de tres días naturais para a presentación de emendas, que transcorreu dende o 22.05.2021 ao 24.05.2021, de conformidade co establecido na base quinta e sexta das reguladoras do proceso selectivo, procedeuse mediante Decreto da Presidencia número 134/2021 do 27.05.2021, á aprobación da lista definitiva, nomeamento do tribunal e convocatoria para a valoración de méritos da fase de concurso.

Logo da valoración de méritos por parte do tribunal cualificador, e publicación da correspondente acta, procedeuse a resolución das alegacións presentadas no prazo establecido ao efecto, formulouse proposta de resolución, con data 11.06.2021, que foi elevada a esta Presidencia, para a súa aprobación.

Por Decreto da Presidencia número 154/2021, do 16.06.2021, procedeuse a aprobación e formación da bolsa de emprego secundaria para a cobertura temporal de postos de sarxento no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Por Decreto da Presidencia número 186/2021, do 16.07.2021, procedeuse a aprobación da táboa inicial na que se recollían as substitucións derivadas da bolsa de emprego secundaria para a cobertura temporal de postos de sarxento-xefe de quenda no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña. A devandita táboa foise modificando en consonancia coas peticións dos permisos dos sarxentos-xefes de parque por decreto da Presidencia 189/2021 do 29.07.2021; por decreto da

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público

CVD: bWr3PhDn9qsNGjxPJoRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Presidencia 198/2021 do 17.08.2021; por decreto da Presidencia 228/2021 do 21.09.2021 e por decreto da Presidencia 254/2021 do 13.10.2021.

Logo de ver a comunicación recibida por parte de dona María Jesús Vilariño Díaz, motivando a ausencia no seu posto de traballo, e unha vez feito o chamamento correspondente aos integrantes da bolsa de emprego secundaria, procede a asignación provisional das funcións de sarxento-xefe de parque do SPEIS 01 Carballo, a favor de don José María López Rivas ata a súa reincorporación e con data de inicio o 02.12.2021.

Por todo o anterior e ao abeiro do artigo 16 dos Estatutos reguladores do Consorcio, faise á Presidencia do Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña, a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Asignar provisionalmente as funcións de sarxento-xefe de parque do SPEIS-01 Carballo, a favor de don José María López Rivas, ata a reincorporación de dona Maria Jesús Vilariño Díaz e con data de inicio o 02.12.2021.

SEGUNDO.- Notificar esta resolución ao interesado.

TERCEIRO.- Facer pública esta resolución na web e no taboleiro de anuncios.

CUARTO.- Dar traslado ao departamento de nóminas, contabilidade e ao Comité de Empresa.(...)>>

Por todo o anterior e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta no seus mesmos termos

SEGUNDO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente."

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
Asdo.: Mª Graciela Riveiro Moreira

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público

CVD: bWr3PhDn9qsNGjxPJoRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.